

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL AMES

*Plan de disposición de fondos da Tesourería do Concello de Ames*

### EDICTO

Mediante Resolución de Alcaldía nº 1602/2021, de data 4 de maio de 2021, aprobouse o Plan de Disposición de fondos da Tesourería do Concello de Ames, cuxo texto é o seguinte:

O plan de disposición de fondos é o instrumento básico de planificación da tesourería que recolle os criterios da expedición das ordes de pago e determina a prioridade na materialización dos mesmos.

A súa regulación específica contemplase fundamentalmente nas seguintes normas:

- Artigo 187 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais
- Artigo 65 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.
- Artigos 106 e 107 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, por remisión contida no artigo 194.3 do TRLRFL.
- Artigo 135 da Constitución Española
- Artigo 14 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Dentro do marco xeral de planificación financeira a Tesourería debe dispor de instrumentos axeitados que permitan unha adecuada distribución temporal dos pagos para a puntual satisfacción das obrigas económicas recoñecidas, atendendo ás prioridades legalmente establecidas e ás directrices marcadas pola Corporación.

Tendo en conta o anterior e á luz da normativa aplicable, elabórase o seguinte

### PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS DO CONCELLO DE AMES

#### 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN E VIXENCIA

O presente Plan de Disposición de Fondos é de aplicación ao Concello de Ames, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP e permanecerá en vigor ata que se produza a súa modificación expresa, derogación ou substitución.

#### 2. PRINCIPIOS XERAIS

A xestión dos fondos integrantes da tesourería, salvo disposición legal en contra, realizarase baixo o principio de unidade de caixa con centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.

#### 3. EXCEPCIÓNS

Quedan exceptuados da aplicación deste Plan, gozando de preferencia no pago, se fose necesario, sen que supoña unha quebra do principio de prelación a súa realización:

- Pagos realizados en formalización.
- Pagos realizados polos sistemas de anticipos de caixa fixa ou pagos a xustificar
- Pagos de primas de seguros, pagos de anuncios en boletíns oficiais e aqueles outros que pola súa natureza deban de ser abonados para que teñan plena eficacia o contrato que amparan, ou que sexan necesarios para a continuación na tramitación de procedementos administrativos.

#### 4. ORDE DE PRELACIÓN

A expedición de ordes de pagamento acomodarse á antigüidade das obrigas recoñecidas, atendendo aos seguintes niveis:

**NIVEL 1**

Pagos de vencementos periódicos de amortizacións e xuros derivados de operacións de préstamos a longo e a curto prazo subscribas polos Concello.

**NIVEL 2**

Gastos de persoal.

Quedan incluídas neste nivel:

- Retribucións líquidas do persoal funcionario, laboral e eventual, así como dos membros da Corporación que teñan recoñecida dedicación parcial ou exclusiva.
- Pagos extraorxamentarios en concepto de retencións de cantidades aos empregados públicos por cotizacións á seguridade social, retencións de IRPF, retencións por embargos, por descontos en nómina por devolución de anticipos reintegrables.
- Pagos en concepto de cotizacións empresariais de calquera réxime da Seguridade Social, salvo aprazamento da obriga de pago obtido en modo regulamentario.
- Pagos derivados de axudas ao persoal por aplicación de plans de acción social
- Pagos derivados da concesión de anticipos reintegrables ao persoal, ou de anticipos de nómina.
- Indemnizacións a persoal por dietas, gastos de desprazamento, asistencia a tribunais de selección de persoal, asistencias a órganos colexiados, etc.

**NIVEL 3**

Obrigas contraídas en exercicios anteriores, tanto de natureza orxamentaria como extraorxamentaria.

**NIVEL 4**

Pago de tributos a outras AAPP, ou de calquera outro ingreso de dereito público como multas, sancións, etc.

**NIVEL 5**

Pagos derivados da execución de sentenzas xudiciais firmes e de acordos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial da Administración.

**NIVEL 6**

Pagos en concepto de Axudas de Emerxencia Social ou Renda mínima municipal.

**NIVEL 7**

Obrigas recoñecidas do exercicio corrente, capítulos 2 e 6, computables no cálculo do período medio de pago, pola súa orde de antigüidade.

**NIVEL 8**

Achegas a outros entes públicos cos que o Concello asumira o compromiso mediante sinatura de convenios de colaboración, sempre de conformidade cos prazos e réxime de xustificación establecidos nos referidos convenios.

**NIVEL 9**

Pago de subvencións concedidas con cargo ás aplicacións dos capítulos 4 e 7 do orzamento de gastos, a excepción dos contidos no nivel 6.

**NIVEL 10**

Pagos derivados de acordo de devolución de fianzas, e acordos de devolución de ingresos indebidos e derivados da normativa de cada tributo.

**NIVEL 11**

Resto de pago por orde de antigüidade tomando en conta a data de recoñecemento da obrigación.

**5. DISPOSICIÓNES ESPECÍFICAS**

Cando se trate de gastos financiados con subvencións finalistas, nas que o cobro das mesmas está condicionado á xustificación do pagamento dos citados gastos, ou no caso de reintegro de subvencións cuxa xustificación sexa necesaria para a obtención da concesión de axuda ou para o cobro doutras subvencións, poderá alterarse a orde de prelación dos pagos, coa exclusiva finalidade de xustificar aqueles, respectando en todo caso a prelación contida nos niveis 1 a 3.

Considérase que non existe alteración na orde de prelación de pagos no caso de obrigas pendentes de pago por causas imputables aos terceiros interesados (falta de ficha bancaria de terceiros ou certificado de conta bancaria, falta de acreditación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas coa administración tributaria e coa Seguridade Social, falta de achega doutros documentos requiridos pola Tesourería, etc). Nestes supostos os pagos efectuaranse no momento en que se solventen os impedimentos, continuándose mentres coas seguintes obrigas na orde establecida no presente Plan.

En todo caso o ordenador de pagos poderá de xeito excepcional alterar a orde no pagamento de obrigas sempre e cando se considere estritamente necesario para o correcto funcionamento da administración municipal ou para a atención inmediata dos servizos públicos, deixando constancia formal e xustificación diso na correspondente orde de pago, respectando en todo caso a prelación contida nos niveis 1 a 3.

Ames, 4 de maio de 2021

O alcalde

José Blas García Piñeiro

2021/3797

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
06/05/2021 70352F4106TEDA4FF3C322094AF068BA70C3B38B

POSTO DE TRABALLO:  
Firma Informática

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOCZAE6ZB103F77B12438E